

Sabías que...?


As investigacións indican que as persoas novas con boas competencias sociais e emocionais teñen maior probabilidade de:

- ❖ Obter mellores resultados académicos
- ❖ Conseguir traballos mellor remunerados
- ❖ Gozar de boa saúde
- ❖ Ser felices e activos fisicamente
- ❖ Ter un rol activo na sociedade

Calendario do Segundo Ciclo de SSES



Quen participa no Estudo de Competencias Sociais e Emocionais?



Para máis información, visite a páxina web do Estudo da OCDE sobre Competencias Sociais e Emocionais www.oecd.org/education/cei/social-emotional-skills-study/

Mellora do desenvolvemento das habilidades socioemocionais do alumnado

Estudo da OCDE sobre as Competencias Sociais e Emocionais



Cando pensamos en coñecementos e competencias, normalmente, vennos á cabeza a lectoescritura ou as matemáticas. Porén, as habilidades sociais e emocionais, como a perseveranza, a empatía e o optimismo, son igualmente importantes. Axúdannos a render mellor academicamente, a ter éxito no traballo e a asumir roles máis positivos na nosa sociedade.

Durante moito tempo, as destrezas sociais e emocionais considerábanse innatas ou dependentes das nosas familias. Con todo, agora sabemos que se poden aprender e desenvolver, primeiro na casa, logo no centro educativo, en actividades deportivas ou extraescolares e posteriormente no traballo.

Actualmente moitos sistemas educativos están centrando as súas accións no desenvolvemento das destrezas sociais e emocionais do alumnado, o que significa un verdadeiro cambio do enfoque educativo tradicional. É un cambio que todo sistema educativo debe asumir para adaptarse adecuadamente aos novos desafíos.

Demostrouse que as habilidades sociais e emocionais non só teñen unha influencia sobre os logros na vida, senón tamén sobre o desenvolvemento e uso das destrezas cognitivas.

En que consiste o Estudo sobre as Competencias Sociais e Emocionais?

- O Estudo sobre as Competencias Sociais e Emocionais (SSES, en inglés *Study on Social and Emotional Skills*) é un dos primeiros esforzos internacionais destinado a desenvolver un conxunto de parámetros en torno ás capacidades socioemocionais para perfeccionar as políticas de mellora do desenvolvemento e benestar da mocidade.
- Baseándose no traballo previo da OCDE neste campo e os resultados obtidos, este novo estudo busca **identificar políticas, prácticas, actividades e variables de contexto que se relacionan co desenvolvemento das competencias socioemocionais**. Tamén proporciona unha ferramenta de medida útil para **responsables da toma de decisións políticas e profesionais da educación, coa fin de supervisar o desenvolvemento das capacidades socioemocionais do alumnado**, así como para medir o impacto dos cambios nas políticas ou prácticas sobre estas.

A quen vai dirixido o estudo SSES?

- SSES vai dirixido ao alumnado de 10 e 15 anos respectivamente, aínda que en España só participará o alumnado de 15 anos. Por un lado, pídese ao alumnado que avalíe as súas propias competencias socioemocionais e, por outro lado, pídese ás súas familias e docentes que as avalíen indirectamente
- Ademais de avaliar as competencias sociais e emocionais do alumnado, o estudo recolle unha gran variedade de información sobre o entorno familiar, o contexto escolar e social a través do profesorado, o equipo directivo e o propio alumnado.

O estudo axudará a abordar numerosas preguntas que se consideran importantes para responsables políticos, profesorado, equipos directivos dos centros educativos e familias. Estas inclúen:

- ❖ Que competencias socioemocionais están máis relacionadas cos resultados económicos, de saúde, persoais e de benestar social do alumnado?
- ❖ Que ambientes familiares de aprendizaxe, como os estilos de crianza e os recursos didácticos dispoñibles no fogar, están máis relacionados co desenvolvemento social e emocional do alumnado?
- ❖ Que contornas escolares de aprendizaxe, como os contidos, as metodoloxías educativas, o currículo ou as prácticas específicas, están máis relacionados co desenvolvemento social e emocional do alumnado?
- ❖ Que factores e condicións favorecen ou obstaculizan o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais nas cidades, os países e as culturas?

Que competencias se inclúen en SSES?

SSES fundaméntase nun coñecido marco teórico no campo das competencias sociais e emocionais chamado o Modelo dos Cinco Grandes (*Big Five*, en inglés). O estudo inclúe tres competencias para cada un dos cinco dominios principais: rendemento no desenvolvemento de tarefas, equilibrio emocional, colaboración, mentalidade aberta e implicación cos outros. Tamén incorpora dous índices adicionais extraídos de ítems que se solapan con outras destrezas.

